



Carballo e mais Ferreiro

Francisco Martínez Sánchez

O anuncio da morte do «meu Carballo», como eu sempre lle chamaba, tombou a miña alma nun profundo silencio de bágoas, só interrompido pola convicción, nada da miña fe, de poder velo, que non moi tarde, tirando de min dende as moradas do noso Pai. Queríámonos moito certamente.

Coñecémonos ben dende o seminario, como compañeiros «de fila», despois como colegas na educación dos seminaristas menores e, aínda despois, durante uns anos na pastoral catequética e no ministerio parroquial. Xa que logo, podó asegurar que durante a súa longa vida fixo honra aos seus apelidos e nomes. Foi un «carballo» dereito e frondoso e coas súas raíces fincadas na profundidade da terra. Foi, si, esa peza de carballo que os enólogos usan para os seus viños selectos. Por outra banda, os seus xenes viñéronlle dos ferreiros medievais, enormemente expertos en forxar eixadas e armas. Como eles soubo controlar o seu lume para a forxa espiritual de cantos algo lle requirían. E fixo honor ao seu nome de pila, Xosé, honrando ao fillo do patriarca, manténdose leal a Deus a pesar dalgunha envexa de irmáns. É máis, entregándose nas mans de Deus nos momentos máis críticos da súa vida, como o carpinteiro de Nazaret. E para rematar, tamén o seu nome Manuel, como mostra da súa personalidade: icona de bo humor, de fondura humana e de coraxe ante os retos.

Dada a miña condición de «fuxido» de Galicia, que non desertor, non estou ao corrente de canto de bo se está a escribir sobre Xosé Manuel a través das diversas fiestras da comunicación. Ben sei que de el quedará aínda moita letra por escribir, como merlo branco, apaixonado polo seu ministerio, e mesmo namorada da galeguidade, no senso máis profundo.